

3ª DA ESO.

Estimados rapaces:

Imaxino e desexo que todos os atopedes ben de saúde e co bo ánimo, xa queda menos para retomar a normalidade. Seguro que descubristes moitas cousas positivas, estes días nos vosos fogares, moitos talentos ocultos: cociñeiros, xardiñeiros, pintores, psicólogos... intentade sempre buscar algo positivo en esta situación.

Hoxe mándovos, un merecido **APLAUSO**.



MOITO ÁNIMO!!!

Unha gran aperta para as vosas familias.

Esta semana, deixovos unhas actividades relacionadas co tema, que vos enviei a semana anterior. Espero que vos resulten entretidas e esperten en vós a curiosidade.

Calquera dúbida, aclaración estamos en contacto na miña dirección de correo:

mdocoso@hotmail.com

Podédesme mandar as tarefas, non esquezades poner os vosos nomes.

ACTIVIDADES.

1. Que diferenza ao sector terciario dos sectores primario e secundario?
2. Clasifica os seguintes servizos: Ambulatorio da seguridade social, tenda de roupa, axencia de viaxes, oficina de concello, servizo de mensajería, oficina bancaria, xornal e compañía telefónica.
3. Indica o medio de transporte máis adecuado para trasladar a longa distancia estes bens: Un ramo de flores, un automóbil, un diamante, un moble.

O sector terciario agrupa aquelas actividades económicas que, aínda que non producen bens materiais, prestan un servizo ás persoas. Algunhas destas actividades son o comercio, as comunicacións, os transportes e as actividades de lecer, entre as que destaca o turismo.

Ata a Segunda Guerra Mundial, o turismo era unha actividade restrinxida, xa que se limitaba á nobreza e á gran burguesía europea. Na actualidade, con todo, o turismo democratizouse, alcanzando, así, unha gran importancia económica nas sociedades avanzadas. De feito, esta actividade implica o desprazamento anual de case 900 millóns de persoas.

4. Para investigar:

- Que porcentaxe da poboación activa en España dedícase ao sector terciario?
- Que comunidades autónomas son as que ofrecen máis prazas hoteleiras?
- Que teñen en común?
- Sabendo que a oferta de prazas hoteleiras oriéntase ao turismo. Que tipo de turismo vén a España? Que busca o turista cando está de vacacións?
- Por que crees que España é un país atractivo para o turismo?
- Cales son os principais destinos dos españois cando fan turismo?